



ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CABEIRO,
QUE SE CELEBROU O DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2017

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobar, no seu caso, a acta anterior
- 2 Dar conta dos orzamentos participativos ano 2017
- 3 Varios

No Centro Cultural de Cabeiro, sendo as vinte horas e quince minutos, do día 21 de novembro de dous mil dezasete, previa convocatoria e baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde, para esta reunión, da concelleira M.^a JOSÉ BARCIELA BARROS, reuníronse os/as seguintes representantes:

DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

ANA M.^a ALONSO ALONSO, representante do grupo municipal do PP.

ANA ALONSO PAZOS, representante do grupo municipal do PSdeG – PSOE.

PAULO MEDAL FIEL, representante do grupo municipal de AER

-DAS ASOCIACIÓNS CULTURAI:

AMANTE ROMERO ÁLVAREZ

-DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS:

CESÁREO ÁLVAREZ LAGO

MANUEL FERNANDEZ ÁLVAREZ

-DAS AAVV:

MANUEL BASTOS BASTOS

-DA ASOCIACIÓN DE MULLERES:

INÉS BASTOS ALONSO

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



INCIDENCIAS: Non asistiron: o representante do grupo municipal do BNG; SABINO AMOEDO DACOSTA, representante da comunidade de montes; RAFAEL CASTRO CASTRO, representante da Comunidade de Augas e CONSTANTE ÁLVAREZ ÁLVAREZ, representante das AAVV.

Todos/as eles/as asistidos/as de min, a funcionaria de carreira do Concello, M.^a Goretti González Enes, que actúo como secretaria, e que da fe do acto, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Cabeiro convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

A presidenta declara aberta a sesión, pasándose a tratar os puntos da Orde do Día.

1 APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA ANTERIOR

A presidenta dá conta da acta da sesión anterior preguntando aos membros do Consello se teñen algunha observación que facer ao borrador da acta.

Tras detectar e corrixir un erro de transcripción no parágrafo 2º do punto 2 da orde do día e non habendo ningunha outra observación ao respecto, o Consello Parroquial de Cabeiro, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba á acta da xuntanza anterior, correspondente á que se celebrou, con carácter ordinario, o día 26 de abril de 2017.

2 DAR CONTA DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS ANO 2017

A presidenta inicia a súa intervención informando de que o muro que se realizou con cargo aos orzamentos participativos só está pendente do recheo para rematalo.

Respecto ao outro tramo, os membros do consello consideran que debería acabarse e opinan que sería conveniente que o aparelador do concello falara cos veciños desta zona para que lles informara de que se fará no futuro, para garantir así que sigan de acordo e evitar deste xeito ter que volver a falar con eles para convencelos.

M.^a José Barciela Barros explica que o aparelador só chamou aos/ás veciños/as afectados polas obras actuais.



Manuel Bastos Bastos quere indicar que na noticia que se publicou no Faro de Vigo respecto ao muro debería figurar que a comunidade de montes colaborou nesa obra coa achega de diñeiro. Amante Romero Álvarez manifesta que a asociación de veciños de Cabeiro tamén participou.

En contestación a isto, a concelleira de Vías e Obras indica que houbo un erro ao enviar a noticia, xa que esta se refería ao muro do Camiño do Campiño.

A continuación explica que se colocaron as sinais solicitadas pero que algunhas delas foron subtraídas.

Tamén informa de que se realizou un aparcadoiro ao carón do pavillón de deportes. En relación a isto, os membros do consello solicitan que se poñan sinais de prohibido estacionar xa que, a pesar do aparcadoiro, a xente segue aparcando indebidamente.

M.^a José Barciela Barros informa que unha veciña que vive detrás do pavillón está disposta a ceder terreo para que se amplie a estrada a cambio de que o concello lle faga o muro. Tras indicar de quen se trata, os membros do consello explícanlle que esa zona pertence a Vilar e que o terreo ao que se refire era antes monte, polo que en realidade non estaría cedendo terreo da súa propiedade.

Respecto ao saneamento da zona do colexio, a concelleira informa que están elaborando os pregos de contratación pero que van algo atrasados.

A continuación, indica que os proxectos pendentes na parroquia de Cabeiro sairán sobre decembro-xaneiro xa que o traballo de campo está feito. Posteriormente prevé que, sobre marzo-maio, se publique o Plan Concellos e dependendo do diñeiro do que poidan dispoñer para a realización de obras, executarán 1 ou 2 proxectos de saneamentos.

Amante Romero Álvarez di que hai que aproveitar para facer as beiravías e Manuel Bastos Bastos solicita que se lle dea prioridade ao saneamento do Campiño.

3 VARIOS

O representante da Asociacións Culturais relaciona as queixas e as peticións que fai a veciñanza para que se lles dean as solucións pertinentes:



1. Camiño do Costal: Indica que quedan 5 casas pendentes de conexión ao saneamento e que, ao tratarse dunha obra sinxela, o concello pode facerse cargo.
2. Camiño dos Covelos: Pregunta se é un camiño veciñal ao que a concelleira responde que é municipal ata a casa de Cándido pero que, hacia arriba, xa non. Para solucionalo indica que poden ceder o camiño ao concello para poder arranxalo.
3. Os veciños solicitan que no camiño onde está o merendeiro se instale un espello porque non se mira ben ao baixar e un valado de protección.
4. Camiño da Milixosa: Solicita a colocación dun valado de protección fronte á casa Pozas.
5. Camiño da Coutada Vella: Indica que había un cano que se aterrou por debaixo da estrada e que agora está atoadado polo que a auga vai pola estrada, saíndo polo camiño vello de Dionisia.
6. Camiño da Brava: Informa de que hai un cano pequeno atoadado.
7. Centro Cultural: Solicita a instalación de máis bancos ata chegar, como mínimo, aos tres que había antes.
8. Centro Cultural: Solicita que solucionen os problemas coas wifis de Redondela e Biblioteca, instalando un receptor para que o sinal chegue ata a cafetería.
9. Centro Cultural: Amante Romero Álvarez indica que o centro cultural non ten saneamento, polo que lle pregunta á concelleira que poden facer para solucionalo. A concelleira respóndelle que o saneamento lles corresponde facelo a eles e que para realizalo poden solicitar subvencións. Amante Romero propónlle que o concello instale o saneamento ata o pozo negro, xa que ata alí é un camiño público.
- 10.I BI: Amante Romero Álvarez solicita que o concello xestione a revisión da ordenanza reguladora deste imposto para que o poidan deducir como gasto corrente.
11. Corte de árbores perigosas: Os membros do consello preguntan que se pode facer para que se corten ao que a concelleira responde que todo o que compete ao concello está limpo. Que o resto que queda sen limpar é responsabilidade da veciñanza. Tras preguntarlle como se lle pode dar solución, M.^a José Barciela Barros indica que poden presentar un escrito por rexistro cos máximos datos posibles para que a policía investigue quen son os donos e o concello poida abrir un expediente.



12. Camiño do Campiño: Solicita que se retire un poste da luz de madeira que está na estrada e que quedou separado ao mover o muro cara atrás.

13. Solicita que se instale un espello no cruzamento da saída de Cabeiro con Vilar, ao final do Camiño do Penedo

14. Camiño do Eido Vello: Solicita que se faga unha cuneta e que se mellore o asfaltado.

15. Camiño dos Cambeiros: Informa de que a cuneta está desfeita.

16. Camiño da Graña: Indica que a reixa que se colocou non recolle auga.

17. Camiño do Costal, fronte á casa de Jaime: Informa que a obra que realizou o concello non funciona. A concelleira opina que o muro é moi alto e que habería que consultar o expediente desa obra. De todas formas, manifesta que o concello limpará a reixa.

18. Camiño dos Peiteados: Os membros do consello solicitan que as augas se canalalicen cara ao río, xa que acabarán facendo dano nos muros das leiras. Explícanlle á concelleira como era a situación antes de que o concello puxera un cano novo, xa que antes disto, a auga saía repartida e agora sae de golpe, facendo máis dano.

Toma a palabra Ana Alonso Pazos manifestando que o parque infantil ten area e que os/as nenos/as fanse dano e que ademais está sucio e a madeira en mal estado.

A concelleira informa que vai retirar a mesa que se instalara porque non se usa e indica que as instalacións de madeira non están mal.

Entre os membros do consello debaten se non sería mellor buscarlle outra ubicación ou ben reformalo, tralo que acordan que o tratarán na próxima reunión que fagan e que unha vez decidido, llo comunicarán á concelleira.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta remata a reunión, sendo as nove horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

M.^a JOSÉ BARCIELA BARROS

M.^a GORETTI GONZÁLEZ ENES

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894